



EXCMO CONCELLO DE RIBADUMIA

D./Dna. MARIA DOLORES FRANCO MATEO, A SECRETARIA DO EXCMO CONCELLO DE RIBADUMIA.

CERTIFICO: Que na sesión ordinaria celebrada pola Xunta de Goberno con data 17 de novembro de 2023, adoptouse, entre outros, o acordo seguinte:

22.- EVENTOS.- NADAL 2023.- I CONCURSO DE CARROZAS DE REIS CONVOCADO POLO CONCELLO DE RIBADUMIA - CABALGATA DE REIS 2024

Vista a proposta de bases do I Concurso de Carrozas de Reis, convocado polo Concello de Ribadumia, do seguinte contido literal:

"ASUNTO: I CONCURSO DE CARROZAS DE REIS CONVOCADO POLO CONCELLO DE RIBADUMIA - CABALGATA DE REIS 2024.-"

ANTECEDENTES.

Dase conta das bases elaboradas para o I Concurso de Carrozas de Reis convocado polo Concello de Ribadumia para festexar a Cabalgata de Reis que se celebrará o vindeiro 5 de xaneiro de 2024. As bases recollen as condicións para a participación no mesmo.

Estabécese as condicións de participación, os requisitos de inscrición e os premios e participantes no xurado.

A temática libre pero deberá estar vinculada ao Nadal en todo caso.

PROPOSTA.

Visto os antecedentes anteriores, PROPONSE á Xunta de Goberno Local:

1º.- Prestarlle aprobación ás bases do I Concurso de Carrozas de Reis convocado polo Concello de Ribadumia de acordo coas seguintes bases:

"Bases do I Concurso de Carrozas de Reis convocado polo Concello de Ribadumia

Cabalgata de Reis 2024

O Concello de Ribadumia convoca a I edición do Concurso de Carrozas de Reis, segundo as seguintes bases:

1.- Poderán participar todas as asociacións veciñais, culturais, clubs deportivos ou entidades de carácter social sen ánimo de lucro que o desexen e que teñan o seu domicilio social no Concello de Ribadumia e se atopen inscritos no Rexistro Municipal de Asociacións.

Poderán participar unicamente cunha carroza individualmente ou en agrupación dun máximo de dúas asociacións.



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E70005659700H6G9B8O1S2K1 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA

Mª DOLORES FRANCO MATEO-SECRETARIA - 20/11/2023
DAVID JOSE CASTRO MOUGAN(P3604600A-CONCELLO DE RIBADUMIA)-ALCALDE - 20/11/2023
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 20/11/2023 15:17:04

EXPEDIENTE :: 2023308
23000067
Fecha: 06/10/2023
Hora: 00:00
Und. reg: REGISTRO GENERAL

CSV: 07E70005659700H6G9B8O1S2K1





EXCMO CONCELLO DE RIBADUMIA

2.- A inscrición deberá facerse obrigatoriamente nas oficinas do concello, no modelo de inscrición normalizado (Anexo I), indicando:

- Nome para a carroza.

- Número de integrantes e temática de Nadal.

- Nome, CIF, enderezo e teléfono da Asociación (no caso de concorrer en grupo de dúas asociacións deben presentarse os datos de ambas participantes).

- Nome, apelidos, DNI, enderezo e teléfono do representante.

Xunto coa instancia de inscrición deberá achegarse obrigatoriamente a seguinte documentación:

- Copia do CIF da Asociación e copia do DNI do representante (no caso de concorrer en grupo de dúas asociacións deben presentarse os datos de ambas participantes)

- Declaración responsable de atoparse ao corrente das obrigas tributarias e da seguridade social, segundo impreso normalizado (Anexo II).

- Copia do certificado de conta bancaria da Asociación (no caso de concorrer en grupo de dúas asociacións deben presentarse o certificado de aquela asociación que vaia recibir o cobro das cantidades que lle correspondan).

O prazo de presentación da documentación será ata o luns 11 de decembro. As solicitudes recolleranse no concello de luns a venres de 08.00h a 15.00h

3.- A temática de cada carroza será libre pero deberá estar vinculada ao Nadal en todo caso (temática que non sexa obscena ou ofensiva).

Será requisito imprescindible que as carrozas sexan realizadas polos propios participantes e que a temática sexa substancialmente diferente ao ano anterior, no caso de ter participado.

Non conterán elementos cortantes ou saíntes nin realizarán emisións que puidesen poñer en perigo a saúde ou a seguridade das persoas.

4.- As carrozas deberán presentarse na explanada do auditorio o venres 5 de xaneiro para o desfile, entre as 15.00 e as 15.30 horas. Para acceder aos premios ou ás gratificacións, as carrozas participantes deberán desfilar obrigatoriamente na orde establecida de antemán pola organización.

5.- As carrozas deberán ter como mínimo 1 metro de altura, 3 metros de longo e 1,5 metros de ancho. Pódese presentar unicamente a carroza se esta está composta por integrantes disfrazados.

Aquelas asociacións que ocupen as carrozas con menores de idade deberán garantir que estes irán, obrigatoriamente, acompañados dun adulto responsable que garanta a súa seguridade. O Concello non se fai responsable de calquera incidente que puidese producirse por dita circunstancia.

O Concello de Ribadumia non se responsabilizará dos danos que puidese sufrir a carroza nin os materiais ou obxectos desta no transcurso normal das cabalgatas.



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E70005659700H6G9B8O1S2K1 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA

Mª DOLORES FRANCO MATEO-SECRETARIA - 20/11/2023
DAVID JOSE CASTRO MOUGAN(P3604600A-CONCELLO DE RIBADUMIA)-ALCALDE - 20/11/2023
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 20/11/2023 15:17:04

EXPEDIENTE :: 2023308
23000067
Fecha: 06/10/2023
Hora: 00:00
Und. reg: REGISTRO GENERAL

CSV: 07E70005659700H6G9B8O1S2K1





EXCMO CONCELLO DE RIBADUMIA

6.- O xurado estará composto por:

- Un membro representante da organización da Cabalgata de Reis.

- Unha persoa vinculada ao departamento de eventos, cultura ou comunicación do Concello de Ribadumia.

- Tres representantes de distintas asociacións con sede no Concello de Ribadumia, dándose prioridade a aquelas entidades que colaboren na organización da Cabalgata de Reis e sempre e cando estas asociacións non se presenten a este concurso.

O xurado estará presente durante todo o percorrido.

7.- O xurado valorará a orixinalidade do deseño, laboriosidade e creatividade así como que toda a indumentaria e complementos garden relación coa temática de Nadal e calquera outro motivo que poida considerar, coma a interpretación dos personaxes representados. Terase en conta a unidade no disfraz e o grao de coordinación coa súa significación e composición.

8.- O fallo do xurado será inapelable, e este poderá resolver calquera cuestión non recollida nas presentes bases.

9.- Todas as carrozas que realicen o pasacalles recoñeceráselle unha gratificación por participación de 300 €/carroza.

Ademais, desta gratificación por participación, establécense tres premios segundo a categoría. Un primeiro premio de 400 euros, un segundo premio de 300 euros e un terceiro premio de 200€, outorgados conforme a valoración do xurado.

10.- O día do desfile entregarase aos beneficiarios un diploma acreditativo do premio. Os diplomas serán entregados na Praza do Concello, o propio día do desfile ao remate da recepción dos Reis.

O ingreso das gratificacións e do premio farase nos días posteriores a través de transferencia bancaria no número de conta aportado.

11.- No caso de que algunha das carrozas non cumpra cos requisitos mínimos esixidos nestas bases, a organización resérvase o dereito de anular a súa inscrición.

Calquera dúbida ou baleiro que puidese xurdir da interpretación e aplicación das presentes bases, será resolto no seu momento polo xurado e a súa decisión será inapelable. A presentación a este Concurso implica necesariamente a aceptación de todos e cada un dos puntos das Bases. En todo momento as persoas participantes deberán cumprir coas indicacións da organización.



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E70005659700H6G9B8O1S2K1 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA

Mª DOLORES FRANCO MATEO-SECRETARÍA - 20/11/2023
DAVID JOSE CASTRO MOUGAN(P3604600A-CONCELLO DE RIBADUMIA)-ALCALDE - 20/11/2023
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 20/11/2023 15:17:04

EXPEDIENTE :: 2023308
23000067
Fecha: 06/10/2023
Hora: 00:00
Und. reg: REGISTRO GENERAL

CSV: 07E70005659700H6G9B8O1S2K1





CONCELLO DE RIBADUMIA
Avda. de Ribadumia, nº 3, 36636 Ribadumia
Tfno.: 986 718 491/499
Correo electrónico: concello@ribadumia.org

ANEXO II. DECLARACIÓN XURADA DE ESTAR Ó CORRENTE DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS

NOME E APELIDOS		DNI
ENDEREZO	CONCELLO	PROVINCIA
REPRESENTANTE DO COLECTIVO		CIF

DECLARA BAIXO XURAMENTO (*sinalar cunha X*):

- 1.- Que este club deportivo / asociación encontrase **ó corrente das súas obrigas tributarias coa Axencia Estatal da Administración Tributaria e coa Tesourería Territorial da Seguridade Social.**
- 2.- Que este club deportivo / asociación **se encontra ó corrente das súas obrigas tributarias co Concello de Ribadumia.**
- 3.- Que este club deportivo / asociación **non se encontra incurso en ningunha das circunstancias de prohibición para a obtención da condición de beneficiario da axuda ou subvención,** previstas no artigo 13 da Lei xeral de subvencións.
- 4.- Que este club deportivo / asociación acepta as bases da convocatoria, asumindo o compromiso de dar cumprimento ás condicións da subvención.

E, para que conste para os efectos oportunos, asina a presente declaración.

DATA	SINATURA
------	----------

SR./SRA. ALCALDE/ALCALDESA DO CONCELLO DE RIBADUMIA



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E70005659700H6G9B8O1S2K1 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA

Mª DOLORES FRANCO MATEO-SECRETARIA - 20/11/2023
DAVID JOSE CASTRO MOUGAN(P3604600A-CONCELLO DE RIBADUMIA)-ALCALDE - 20/11/2023
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 20/11/2023 15:17:04

EXPEDIENTE :: 2023308
23000067
Fecha: 06/10/2023
Hora: 00:00
Und. reg: REGISTRO GENERAL

CSV: 07E70005659700H6G9B8O1S2K1





EXCMO CONCELLO DE RIBADUMIA

Vistas as bases e formularios que acompañan, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. Asistentes acorda:

1º.- A aprobación das bases do I Concurso de Carrozas de Reis convocado polo Concello de Ribadumia – Cabalgata de Reis 2024 co contido recollido na proposta.

2º.- Ordear dar publicidade ás mesmas.

E para que conste, aos efectos oportunos no expediente da súa razón, expídese a presente certificación de orde e co visto e prace do Sr. Alcalde-Presidente, en Ribadumia, á data da sinatura dixital.

Vº e prace O ALCALDE



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E70005659700H6G9B8O1S2K1 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA

Mª DOLORES FRANCO MATEO-SECRETARIA - 20/11/2023
DAVID JOSE CASTRO MOUGAN(P3604600A-CONCELLO DE RIBADUMIA)-ALCALDE - 20/11/2023
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 20/11/2023 15:17:04

EXPEDIENTE :: 2023308
23000067
Fecha: 06/10/2023
Hora: 00:00
Und. reg: REGISTRO GENERAL

CSV: 07E70005659700H6G9B8O1S2K1

